Pittosporum undulatum Vent., 1802

- pitósporo de Queensland/ondulado, eterno
- pitosporo de frutos anaranjados
- pittosporo
- pitóspor ondulat
- Victorian box
- pitósporo doce, pau-incenso



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISIÓN	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Apiales**	**Pittosporaceae**	***Pittosporum***

ORIXE

Australia.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto que pode chegar a superar os 15 m de altura. Talo leñoso, recto e erecto. Codia de cor agrisada e madeira relativamente branda. Copa densa, de forma ovalada, que dá moita sombra. Follas alternas, simples, de forma lanceolada a elíptica, con marxes onduladas e de cor verde escura. Flores de cor branco-crema, pequenas pero moi numerosas, dispostas en panículas terminais e moi perfumadas. Floración na primavera. Froito en cápsula globosa, que ao abrirse amosa sementes vermello-alaranxadas e pegañentas.

HÁBITAT

Na súa localización natural medra en bosques húmidos e temperados. Lonxe da súa orixe aparece en bosques atlánticos, zonas periurbanas e marxes forestais. Prefire solos profundos e climas húmidos.

DISTRIBUCIÓN

Natural de Australia. Introducida en Europa, América do Sur, África do Sur e Nova Zelandia. En moitas destas rexións é invasora.

CURIOSIDADES

A súa densa copa reduce drasticamente a chegada de luz ao solo nos bosques, por iso é considerada invasora en moitos lugares. A súa erradicación é custosa debido á gran capacidade de rebrote.